



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 649
9 de xullo de 2020



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 8 de xullo de 2020, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465) [203780](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 8 de xullo de 2020, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada o escrito, co número 64465, dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo.

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1. Admitir a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, para que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo.
2. Dar traslado do documento á Deputación Permanente e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
3. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.
4. Publicar a presente resolución e o documento núm. 64465 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á MESA DE DEPUTACIÓN PERMANENTE

A voceira e voceiros abaixo asinantes, pertencentes aos **grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto**, e membros da Deputación Permanente, ao abeiro do disposto nos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa da Deputación Permanente que se proceda **á convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente** coa seguinte orde do día:

- Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote do covid-19 na Mariña de Lugo.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia

Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Ana Belén Pontón Mondelo

Voceira do G.P. do BNG

David Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/07/2020 12:44:48




Antón Sánchez García na data 06/07/2020 12:53:13

Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/07/2020 12:54:35

David Rodríguez Estévez na data 06/07/2020 13:00:15





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

